



BIBLOLEIROS

Premio Maria Moliner



Palabras para compartir

Guía de lectura

«A lectura dun bo libro é un diálogo incesante,
no que o libro fala e a alma contesta»

ANDRÉ MAUROIS

Premio María Moliner

Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros:

- * ***Biblioteca Central Rialeda. Perillo***
- * ***Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro. Santa Cruz***
- * ***Biblioteca Pública Municipal Manuel María. Oleiros***
- * ***Biblioteca Pública Municipal M^a José Trincado. Mera***
- * ***Biblioteca Pública Municipal M^a José Ruso. Dorneda***
- * ***Biblioteca Pública Municipal Ánxel Fole. Nós***
- * ***Biblioteca Pública Municipal Xograr Mendiño. Lorbé***
- * ***Biblioteca Pública Municipal Federico García Lorca. Montrove***

Catálogo do fondo bibliográfico: <http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Páxina web municipal: www.oleiros.org

Biblioteca Central Rialeda
Avda. Rosalía de Castro, 227A

15172 Perillo - Oleiros

Tel.: 981 639 511

Fax: 981 639 996

Correo electrónico: biblioteca.rialeda@oleiros.org

Depósito Legal: C 3053-2011

As Bibliotecas Municipais de Oleiros estamos de celebración!

As Bibliotecas Municipais de Oleiros resultaron ganadoras do Premio María Moliner 2011, na modalidade de municipio de entre 20.001 a 50.000 habitantes, **convocado polo Ministerio de Cultura e a FEMP** a nivel de todo o Estado Español.

O agasallo consistirá nun lote de 200 libros e un premio en metálico de 12.000€, financiado por la Fundación Coca-Cola Juan Manuel Sáinz de Vicuña.

O proxecto presentado polas Bibliotecas Municipais de Oleiros denominouse «**Lecturas refrescantes**» e nel presentáronse as principais actividades de fomento da lectura realizadas durante o primeiro semestre deste ano.

O Premio María Moliner é o galardón máis importante que existe na actualidade en España dirixido a bibliotecas e supón un importante recoñecemento e valorización do traballo realizado polas Bibliotecas Municipais de Oleiros.

Esta convocatoria tiña como obxectivo premiar o mellor proxecto que incluíra as accións de animación á lectura, a eficiencia e labor bibliotecaria, a integración social na comunidade e o uso das novas tecnoloxías, valorando a eficiencia na administración dos recursos da biblioteca e o esforzo realizado en función dos recursos dispoñíbeis, os proxectos de extensión bibliotecaria levados a cabo, a colaboración cos centros educativos e outras entidades e en conclusión aqueles proxectos que fomentaran a convivencia intercultural e o desenvolvemento tecnolóxico.

Desexamos compartir este premio coas veciñas e veciños de Oleiros, coas persoas, entidades, asociacións e centros educativos que colaboran coas bibliotecas, coas usuarias e usuarios que participan nas nosas actividades, a todas e todos expresámoslles o noso agradecemento. Grazas por facer posible que Oleiros sexa un referente a nivel estatal na promoción lectora cun servizo bibliotecario eficiente e de calidade.

Una ano máis ofrecemos unha serie de recomendacións cun dobre obxectivo: presentar obras de calidade literaria, artística ou científica para animar á súa lectura, audición ou visionado e lembrar que un libro, un cd, ou un dvd son tamén un bo agasallo.

Esta escolla foi realizada por persoal das bibliotecas polo que nela poderán atopar publicacións moi diversas. Trátase dunha selección de obras de autoras e autores galegos, españois e internacionais, para diferentes gustos, intereses e preferencias. Boas historias e bos libros para ler, observar ou mirar, películas ou discos para gozar e compartir. Témolas nas nosas bibliotecas e pódense levar en préstamo.

Gustaríanos contribuír a espertar o pracer que pode proporcionar a lectura dun libro de forma lúdica e animamos os pais, as nais e os irmáns maiores a que lles lean libros ás nenas e aos nenos máis pequenos. Desexamos colaborar no desenvolvemento dese amor pola lectura que, como descubrimento e recreación da linguaxe escrita, axudará a comprender e coñecer mellor o mundo que nos rodea.

As obras recomendadas nas guías anteriores procuramos que non volvan figurar para que non se repitan e así achegar novidades ou obras clásicas que non seleccionásemos.

A clasificación que figura é:


Infantis e xuvenis:

- Poesía e teatro
- Libros de coñecementos
- DVD e CD
- Libros para nenas e nenos menores de 6 anos
- Libros para nenas e nenos de 6 a 8 anos
- Libros para nenas e nenos de 8 a 10 anos
- Libros para nenas e nenos de 10 a 12 anos
- Libros para adolescentes de 12 a 14 anos
- Libros para maiores de 14 anos

Para mozas/os e adultas/os:

- Banda deseñada
- Obras literarias
- Libros de coñecementos
- DVD
- CD audio

Anhelamos que todas as persoas poidan atopar algunha obra que lles guste.



POESÍA E TEATRO INFANTIL E XUVENIL

Ciudad laberinto

Pedro Mañas, ilustracións de Silvina Socolovsky. Factoría K de Libros
As trinta composicións deste libro tratan dunha realidade próxima, a cidade en todas as súas dimensións: os cambios de estacións, os ruídos, as festas plásmasen cun ton divertido.



A escada

Colectivo Garola. Embora
Un vello animará a Quique, Loli, Emilio e Felipe a que formen un grupo para representar unha obra de teatro "máxica", coa promesa de que recibirán un premio.

Los meses del año son...

Clarisa Ruiz, Yolanda Reyes. Ilustracións de Alekos. Serres
Cada mes ten un fermoso poema con cadansúa ilustración. Por exemplo, a decembro dedícanlle "Dulces, pesebre, globos y fiestas, nadie se escapa de mi emoción..."



Poemas con piruleta

Carlos Fontes. Ilustracións de Leandro Lamas. Galaxia
Poemas para gozar cos cinco sentidos.



El príncipe que todo lo aprendió en los libros

Jacinto Benavente. Ilustracións de Zuzanna Celej. Juventud

Esta obra de teatro do Premio Nobel de Literatura de 1922 fala da confusión entre a realidade e a imaxinación. Un príncipe que leu moitos libros cre que o mundo é como lle relatan os contos e iso vaille ocasionar máis dun infortunio...



Racataplam: poesías de animais y sueños

Carmen Martín Anguita. Ilustracións de Carmen García Iglesias. Everest
Poesías con rima para os/as máis cativos/as. Poemas dedicados ao gato de Angora, ao rei dos leóns, á estrela de mar, ao esquí, ao osiño panda, e mesmo ao Ratiño Pérez.

Os reloxos preguiceiros de Néboa

Xavier Lama. Ilustracións Xosé Tomás. Xerais

Na cidade de Néboa vívese unha aparente rebelión de todos os reloxos, que deixan de contar o tempo. A alcaldesa Sabela e centos dos seus concidadáns teñen pesadelos con moreas de reloxos que se lles aparecen nas noites invernaís. A través do Superreloxeiro Experto no Cómputo do Tempo Todo, don Cuco Campá, comezamos a intuír todo un mundo de misterios e segredos maravillosos, xurdindo personaxes moi especiais.

Totus Plautus (o casi)

Tito Maccio Plauto. Adaptación de José Antonio Martínez. Algar
Recompilación e adaptación das mellores obras deste autor clásico, pai da comedia teatral. Obras de calidade cheas de ironía, xogos de palabras, adaptadas aos mozos e mozas para o goce dun dos grandes do teatro latino.

Vaia tropa!

Antón Cortizas. Ilustracións de M^a Reyes Guijarro. Xerais
Un libro de poesías para xogar, un libro de poemas divertido, con diferentes tipografías, con versos que se adaptan á ilustración ou viceversa, e cun espello para ver os poemas escritos do revés.

Aí vai un:

*Coñezo unha terra, un país de lenda
Que chea de festas ten a súa axenda:
do grelo, do queixo, do polbo, do recho,
do pan, da empanada, e do berberecho...
creo que se chama País das Merendas.*



LIBROS DE COÑECEMENTOS INFANTÍS E XUVENÍS



Abrapalabra!

Antón Cortizas. Xogos de Carlos Coira. Ilustracións de Jacobo Fernández. Galaxia

É un libro de poemas? É un libro de maxia? É un libro de palabras máxicas? Ten un pouco de todo iso. É un libro esplendoroso para xogar coas palabras e, como non, aprender trucos de maxia.

Animais de papel

Vicente Palacios. Ilustracións de Silvia Pla. Baía

Toda a familia aprenderá a facer en papel perfectas figuras de animais.



Atlas del espacio: la astronomía en tus manos

Robin Scagell. Ilustracións de KJA Artists. SM

Aprenderás moitos datos sobre o universo con este atlas que contén estupendas ilustracións e espectaculares pop-ups. Vaite preparando, as viaxes para turistas espaciais xa están aí!

Basurarte: crear, divertirse y reciclar

Gusti. Océano

Reciclar é divertido: compróbao con este libro. Pon en práctica aquilo que aprendiches na escola dos tres erres e converte o lixo en cousas útiles e/ ou decorativas. De paso coidamos o planeta, que falta nos fai!

El bullying

Naomi Tipping, il. SM

A maioría das veces os pais e os profesores son os últimos en decatarse do que lle acontece aos nenos. Este libro ideado para que o neno o lea só ou con un adulto pode axudalos a falar das súas experiencias ou das de outros compañeiros.



Un cuadro de Picasso

Claire D'Harcourt. Faktoría K de Libros
A través do famoso cuadro "Guernica" e a súa denuncia da violencia, adentrámonos no universo creador de Picasso.



Un cuadro de Velázquez

Claire D'Harcourt. Faktoría K de Libros
Viaxa polos recunchos da estancia real onde Diego Velázquez está pintando "As Meninas" para coñecer a Corte Española do século XVII.



Cuentos y leyendas de los Jawi, un pueblo de Tailandia

Claire Merleau-Ponty, Pierre Le Roux.
Ilustracións de Peggy Adam. Kókinos
*O pobo dos Jawi é fascinante. As súas
lendas falan dunha cultura milenaria
no sur de Tailandia. Coñece o relato
da orixe da semente da árbore do cau-
cho, aquel outro que conta por que o
arroz ten alma, como é que o tigre e
o cervo anano poden vivir xuntos na
selva...*



Isadora Duncan: la bailarina del mar

Patricia Alonso de Agustín. Ilus-
tracións de Antonio Santolaya. Hotel
Papel
*Biografía da bailarina Isadora Duncan
que revolucionou os camiños da dan-
za. Dende pequena quixo bailar con
liberdade e creou as súas propias
escolas de danza para ensinar o seu
método de baile natural en distintas
ciudades europeas.*

El jardín encantado

Montserrat Pons Pallarès. Edicións
Hipòtesi
*Dous nenos visitan en París ao seu
avó, que os levará de paseo aos
xardíns das "Tuileries" e alí descubri-
rán as esculturas de Arístides Maillol.*

A miña enciclopedia dos nenos do mundo

Stéphanie Ledu. Xerme

Solidariedade, tolerancia, diversidade... estas serán algunhas das palabras que os nosos fillos aprenderán con este libro de fotos sorprendentes e textos curtos sobre os distintas costumes e formas de vivir dos diferentes pobos do mundo.



Nacer

Xulio Gutiérrez. Ilustracións de Nicolás Fernández. Fatoría K de Libros
Describe a forma asombrosa en que se reproducen e coidan das súas crías doce especies de animais.

Picasso y Minou

P. I. Maltbie. Ilustrado por Pau Estrada. Juventud

A fermosa amizade entre o gato siamés Minou e o novo artista Pablo Picasso durante os seus primeiros e difíciles anos no barrio parisiense de Montmartre.



Pregunta á Dra. Peteiro sobre o Tempo

Claire Ilewellyn. Ilustracións de Kate Sheppard. Baía


Outra saca chea de cartas enviadas por preocupados animais chegou aos pés da Dra. Peteiro.



Trece noites, trece lúas: libro das maravillas do Nadal: mitos, ritos, lendas e tradicións do Nadal en Galicia e no mundo de arredor

Antonio Reigosa. Ilustracións de Noemí López. Xerais

Todo sobre o Nadal. Aquí atoparás todas as respostas a este costume que celebramos ano tras ano: cales son os antecedentes do noso Nadal?, naceu Xesús exactamente o 25 de decembro?, de onde vén a tradición de comer capón nestas datas?, coñeces o mito do apalpadoiro?



Las vidas de los grandes artistas

Charlie Ayres. Siruela

Un orixinal paseo pola historia da arte a través da vida e a obra de vinte mestres de todos os tempos: entramos nos seus talleres, ulimos as pinturas e case podemos oír o ruído do pincel sobre o lenzo.

DVD E CD INFANTÍS E XUVENÍS

Las aventuras de Tintín: la isla negra

Stéphane Bernasconi, dir. Selecta Visión

Nova aventura de Tintín baseada no cómic de Hergé que leva o mesmo título.

A caza do ghazafello: unha aventura en libro-disco

Denis M. Ilustracións de Sara López. Música: Marcos Paino, interpretada polas voces da Orquestra das Ánimas. Xerais

Proposta literario-musical para gozar os/as novos/as e os/as non tanto.

As aventuras de Lois van obrigarte a pór en marcha a túa imaxinación, xa que coñecerás mundos invisibles aos ollos da razón, mundos onde moran personaxes extraordinarios.



Crónicas de Spiderwick

Mark Waters, dir. Paramount

Cando a familia Grace chega a mansión Spiderwick, comezará unha fascinante aventura nun mundo máxico cheo de fantásticas criaturas.



Donde viven los monstruos

Spike Jonze, dir. Warner Bros. Entertainment


Esta película interpretada por actores de carne e oso, recrea as personaxes do fermoso libro homónimo de Maurice Sendak. O neno Max, un cativo soñador que escapa do seu mundo cotián buscando un lugar mellor...



Meninos cantores = Meninos cantores (CD+DVD)

Uxía Senlle, et al. PAI Música

Viaxe musical entre Galicia e Portugal protagonizada por mozos/as de dezasete escolas dos dous lados da fronteira. Son máis de cincocentos rapazas e rapaces os que participaron na elaboración do CD. Inclúe un DVD con 18 videoclips e unha reportaxe do proceso de creación desta irmandade musical.



Nicky, la aprendiz de bruja

Hayao Miyazaki, dir. Aurum Producciones

Nicky é unha bruxa de 13 anos que está comezando a súa fase de “formación” e veu montada na súa vasoira xunto co seu gato negro Jiji. A tradición di que debe botar un ano fóra da casa descubriendo a responsabilidade, a independencia e a amizade.

Olentzero y el tronco mágico

Juanjo Elordi, dir. Eurocine films
É Nadal e o Olentzero está preparándose para repartir os agasallos aos/ás pequenos/as. Vaise encontrar cun gran problema, xa que un home de negocios, sen escrúpulos, pretende desfacer o bosque onde vive. Grazas á axuda de Anjé, as cousas volverán ao seu e os/as cativos/as poderán celebrar o Nadal.

Orfeo y Eurídice (Libro+CD)

Georgina García-Mauriño; Ch. W. Gluck. Ciudadela Libros

O mito de Orfeo coa música de Gluck. É unha escolma de 29 minutos da ópera de Orfeo en busca de Eurídice xunto cun conto que te axudará a penetrar na maxia das lendas da Antigüidade.



La oveja Shaun: rebaño del sábado noche

Big Picture Entertainment

A ovella Shaun ten a capacidade de meter en liortas a todo o rabaño, porque non todo vai ser pacer!!! Neste título Shaun vai preferir a festa a producir la para a industria téxtil.



Pelogato 24 (CD+DVD)

Xabier Díaz, Xurxo Souto, et al. PAI Música

Nais e pais! Os/as vossos/as cativos/as non pararán de escoitar estas cancións na casa, no coche, en todos os lados, e o que é peor: aprenderanas de memoria e repetiranas tantas veces que nada poderá sacárvolas da cabeza... avisados quedades!



Puedo escuchar el mar

Tomomi Mochizuki. Aurum Producciones
Esta película de animación céntrase na vida estudantil de varios mozos que están no bacharelato. É unha película tenra onde son as sensacións e os sentimentos os que agroman ao longo da mesma: as lembranzas do primeiro amor, os desencontros xuvenís, etc.



La Walkiria

Richard Wagner. Universal Music Spain

A colección Ópera para niños presenta este CD cunha selección da Ópera de Wagner. Contén un libreto adaptado aos/ás máis novos /as para seguir o desenvolvemento da historia.

LIBROS PARA NENAS E NENOS MENORES DE 6 ANOS


A xantar; O meu aniversario

Liesbet Slegers. Tambre
Volumes 2 e 4 respectivamente da serie Xurxo. Os/as cativos/as dun ano gozarán coas imaxes relacionadas co xantar e as celebracións de aniversario.



¡Atrévete, Bruno!

Anna Gasol, Teresa Blanch. Ilustracións de Rocío Martínez. Almadraba
Unha familia de lobos ten que ensinar ao seu pequeno que ha de ser feroz como os seus antepasados.



Bebé Abubé

Stephanie Blake. Corimbo
A chegada dun novo irmanciño vaille cambiar a vida ao coelliño Simón: non é tan doado compartir os xoguetes, os afectos...

Calma, calma

Neus Moscada. Ilustracións de Chiara Fatti. SD Edicions
Un libro que estimula os sentidos e ás almas dá acougo.



Cantas pingas na cidade!

Eva Montanari. OQO
De unha en unha, ata o dez, van caendo as pinguiñas en distintos sitios da cidade ata que chega a hora de durmir. Un libro para aprender a contar e gozar coas ilustracións.



Os catro amigos

Xesús Carballo Soliño. Ilustracións de Kristina Sabaite. Galaxia

Adaptación do conto clásico dos Irmáns Grimm que narra a historia dun burro, un can, un galo e un gato que deciden abandonar as súas casas cansos de seren maltratados. Contén cd de audio.

El estrafalario libro de imágenes del duende Blas

Emmanuelle Houdart. Juventud

Un día na vida do trasgo Blas e o seu gato Pamplinas. Libro de imaxes para familiarizarnos cos obxectos que nos rodean.



La gallina Crestazul

Daniel Nesquens. Ilustracións de Mariona Cabassa. Almadraba

Unha galiña, máis soñadora que poñedora, que gusta de ler historias de piratas.

Grisela

Anke de Vries. Ilustracións de Willemien Min. Factoría K de libros

Sempre hai un alguén que nos fai sentir especiais e auténticos.



Para facer o retrato dun paxaro

Jacques Prévert. Ilustracións de Mordicai Gerstein. Factoría K de libros

Fermoso libro que conta paso a paso, a maneira de conseguir o máis bonito cadro dun paxaro.

Un parque de papel en abril

Julia Villaescusa. Ilustracións Eva Garcés. Tàndem edicions

É a historia dun parque que un día ao ano, en abril, convértese en máxico. Ese día as árbores non dan os seus propios froitos; uns dan adiviñas, outros poemas, libros, etc. Aderezado cunhas bonitas ilustracións.

A pota que trota

Patacrúa. Ilustracións de Kristina Andres. OQO editora.

Adaptación dun conto tradicional danés que conta a historia dun rei moi malo cos labregos da veciñanza e de como cambian as cousas despois dunha transacción, aparentemente pouco vantaxosa, que fai un veciño moi pobre ao cambiar a vaca por unha pota.

Que fai falta?

Gianni Rodari. Ilustracións de Silvia Bonanni. Kalandraka

Collages excepcionais para o texto que segue unha sucesión lóxica: como partir dunha mesa para chegar a unha flor.

Vístome

Liesbet Slegers. Tambre
Xurxo ensínanos como se viste.



LIBROS PARA NENAS E NENOS DE 6 A 8 ANOS



10 cosas que puedo hacer para ayudar a mi mundo

Melanie Walsh (texto e ilustracións).
Molino

Dez consellos moi sinxelos para mellorar o mundo no que vivimos, dirixidos aos máis pequenos.

Á sombra dos anacardios

Antón Fortes. Ilustracións de Simona Mulazzani. OQO

Fermosa obra que nos di como vive unha nena de Guinea Bissau. Está enferma e vai ao hospital, pero dende que a trata o doutor Vieira xa non ten medo. Presenta o problema da SIDA na poboación infantil de Guinea Bissau e a ilustradora ademais de utilizar cores vivas, debuxa personaxes de aparencia forte e saudable para incidir na mensaxe positiva e esperanzadora do relato que transmite a capacidade de seren felices desde pequenos, a pesar da pobreza económica e a enfermidade.

Las adivinanzas del Rey del Mar

Paloma Ulloa. Ilustracións Claudia Moya. Ediciones Buchmann

Cada ano o Rei do Mar celebra unha gran festa no seu pazo do mar das sereas: é a festa das adiviñas...

Amelia quiere un can

Tim Bowley. Ilustracións de André Neves. Kalandraka


A pequena Amelia quiere un can e tenta convencer a seu pai de que é unha boa idea: o que ao principio parece imposible, podería facerse realidade...



O Apalpador

Xoán G. Biblos Clube de Lectores

O Apalpador é unha figura mítica do Nadal galego, hoxe case esquecida. Xoán G. recupera para os/as pequenos/as esta fermosa tradición do velliño cargado de agasallos.



A avoa Encarna fai niño

Xosé Antonio Neira Cruz. Ilustracións de Noemí López. Everest Galicia

Finar é un camiño tan difícil coma o de nacer, pero doe máis. Fermosa historia sobre a vida e a morte acompañada dunhas espléndidas ilustracións.

Contos para nenos que dormen deseguida

Pinto e Chinto. Kalandraka

Vinte o oito relatos breves cunha sorpresa final en forma de xiro humorístico. Libro seleccionado na lista White Ravens 2011.



El deseo de Ruby

Shirin Yim Bridges, ilustrado por Sophie Blackall. Serres.

Inspirándose na vida da súa avoa, a autora conta a historia de Ruby, unha nena chinesa que, contra o que era normal na súa época, non pensa en casar senon en estudar na universidade

El hombre que compró la ciudad de Estocolmo

Gianni Rodari. Ilustracións de Javier Zabala. SM

Rodari fabula coa posibilidade de cambiar unha cidade por un corte de pelo e unha masaxe con colonia: afortunadamente, as cidades pertencen aos seus habitantes, polo de agora...



Josefina al acecho

Alexander Steffensmeier. Anaya

Josefina é unha vaca que o que máis lle gusta no mundo é asustar ao carteiro e sempre o consegue ata que o pobre carteiro acaba un pouco alporizado.

El libro inclinado

Peter Newell. Thule

O carriño dun bebé baixa a presa e sen parar polas páxinas deste libro.



A maceira que daba calquera cousa menos mazás

Pinto & Chinto. Everest Galicia

Tempo ao tempo: hai que ter paciencia para que as cousas vaian ao seu. Cosme e Delia déronlle unha oportunidade á árbore que non conseguía dar mazás.

El monstruo que se comió la oscuridad

Joyce Dunbar. Ilustracións de Jimmy Liao. Barbara Fiore

Un monstro insaciable que acaba con toda a escuridade do planeta e o que iso supón: morcegos desorientados, osos que non saben se hibernar...e o que é peor: un cativo incapaz de durmir.

El niño que mordió a Picasso

Antony Penrose. Lee Miller, fot. Siruela
Antony Penrose vai debullando dun xeito sinxelo pequenas anécdotas que lle ocorreron cando de pequeno coñeceu a Pablo Picasso, por ser os seus pais tamén artistas e amigos do pintor.

El nombre de la ballena

Marcelo Birmajer, Marta Villegas. Ilustracións de Manuel Monroy. FCE
Que pasaría si todos os homes faláramos unha soa lingua? Esta historia sobre a linguaxe e o home, sobre a súa forma de expresión e as palabras que lles son comúns, lévanos a reflexionar sobre o que é importante.

As outras historias

Paula Carballera. Ilustracións de Xosé Cobas. Galaxia

Princesas, animais, pantasmas, mares afastados, viaxes, etc., todos están no libro de Paula Carballera pero que non son os de sempre, nin aos que estamos acostumbrados...



Pedro está enamorado

Sara Pennypacker. Ilustracións de Petra Mathers. Juventud

O pescador Pedro padece todas as dores do amor pola bailarina Carolina: atreverase a confesarlle os seus sentimentos a súa amada?



El pincel mágico

Françoise Jay. Ilustrado por Zhong Jie. Juventud

Baseado nun relato do chinés Hong Xuntao, conta a historia de Chen, un mozo ao que un vello agasalla cun pincel que fai cobrar vida todo o que debuxa.

Pippo el Loco

Texto de Tracey E. Fern. Ilustracións de Pau Estrada. Juventud

En toda Florencia non se fala doutra cousa: vai haber un concurso para deseñar unha cúpula para a catedral que, polo visto, pretende ser a máis grande construída ata o momento e quen o gañe recibirá douscentos floríns de ouro. Pippo o Tolo pensa que esta é a súa para demostrarlle ao mundo a súa xenialidade.

El silencio del agua

José Saramago. Ilustrado por Manuel Estrada. Libros del Zorro Rojo
Nas ribeiras do Tajo, un neno está a piques de atrapar ao gran peixe. Xusto cando perde a presa, comeza para el o despertar á vida e a perda de parte da súa inocencia.



La ventana infinita

Andrés Pi Andreu. Ilustracións de Kim Amate. Destino
Deixar a un lado os prexuízos sóenos deparar agradables sorpresas.



LIBROS PARA NENAS E NENOS DE 8 A 10 ANOS



Bruno e O Manto de Estrelas


Sonia Martínez. Ilustracións de Yolanda Falagán. Baía

“O Manto de Estrelas” é un libro que vai despertar en Bruno a afección que o converterá nun astrónomo e astronauta de moito prestixio.

Kassunguilà

Monique Zepeda. Fondo de Cultura Económica

Un peixe feliz que perde unha parte de si. Para recuperar ese anaco viaxa por distintos lugares ata atopalo nun espello. Nesa viaxe recupera a paz e o sosego.



Lian

Chen Jiang Hong. Corimbo

Fermosa lenda dun pescador con pouca fortuna que recibe dunha anciá unhas sementes de loto máxicas, das que xurde unha neniña moi especial...

O libro das Seniguais e do único Senigual

María Rosa Lojo. Ilustracións de Leonor Beuter. Galaxia

Delicado texto e sorprendentes creacións fotográficas compoñen este álbum que protagonizan uns seres que non son como as fadas ou as meigas nen como calquera outra especie vivinte: son as Seniguais.

Mi madriña, que paisaxe!

Víctor Raga. Ilustracións de Montse Español Rodié. Xerais

O señor Viramontañas é un firme defensor do medio ambiente. Acompañado por Martiño e Helena nunha excursión polo bosque, procurarán que o monte non se converta nun deserto.

O reloxo que non sabía dicir cucú

Lucía Baquedano. Ilustracións de Miguel Calatayud. Baía

O príncipe Tristán non sabe rir e por esta causa as risas desaparecerán do reino de Castelburgo ata que un reloxo de cuco defectuoso fixo cambiar a situación.



El secreto de Garmann

Stian Hole. Kókinos

A mestura de técnicas da ilustración configura un resultado felizmente inesperado para un texto moi delicado que conta o primeiro achegamento de Garmann a unha rapaciña.



Sol negro

Fred Bernard. Ilustracións de François Roca. Juventud

Os conquistadores españois chegan á cidade azteca de Tenochtitlan a lomos dos seus cabalos, e alí son recibidos como deuses. Sol negro é un destes cuadrúpedos que guía a narración da protagonista.



O tareco de Sara

Ramón Caride. Ilustracións de María Lires. Everest Galicia

Sara pásao moi ben os fins de semana na aldea, na casa dos avós. Alí coñeceu o tareco: unha "cousa", un bicho que non é tal, algo que podería dicirse que ten certos poderes, e do que acaba facéndose amiga.

LIBROS PARA NENAS E NENOS DE 10 A 12 ANOS

Las aventuras de Yerik

Natalia Nusinova. Ilustracións de Mercè López. Pearson Alhambra
Dúas nenas, Natalia e Tania que suspiran por un can, por fin terán a Yerik, un simpático animal que participa con elas nos seus xogos e aventuras.



Brais e os demais

Manuel Darriba. Ilustracións de Ana Santiso. Galaxia
Brais é un rapaz especial: vai para nove anos pero parece maior, pelo corcenería, espilido, sempre lle pasan cousas sorprendentes, case sen cambiar de barrio. Queres coñecelo?

¿Bruja o hada?

Prunella Bat. Montena
Mila y Luna son dúas nenas de dez anos que comparten moitos segredos pero hai un especial: a maxia. Unha é bruxa e outra fada, pero terán que aprender a usar os seus poderes.



El bosque de la sabiduría

Alez Rovira y Francesc Miralles. Montena
Sam é un mozo que vive co seu avó, e cando este morre, terá que cumprir o seu desexo: viaxar ao “Bosque Prohibido” para atopar ao “Maestro del Bosque”.



Buenas noches, Julia

Carles Sala i Vila. Ilustracións de Roger Simó. La Galera

Julia ten que pasar un tempo no hospital: a que parecía que ía ser unha estancia aburrida vai converterse nun período no que aprenderá moitas cousas grazas ao seu amigo Bruno, o seu avó e unha compañía moi, moi especial...

O caderno laranxa de Morgana

Pascual Alapont. Ilustracións de Montse Español Rodié. Xerais
Morgana, de 11 anos, mete no seu caderno as vivencias do colexio e outras persoais: as aventuras do seu irmán, que van ter unha mestra nativa e máis cousas divertidas.



A chave da Atlántida

Anxo Fariña. Xerais

O Premio Merlín de Literatura Infantil 2011 colócanos na Atlántida: as ciencias biolóxicas modernas mestúranse cos mitos ancestrais para facer un relato de aventuras vibrante protagonizado por A-cero, un ser humano artificial, Eva o seu tío Fran.


Chrystyan Magic: atrapado na torre

Xoán Babarro e Ana María Fernández. Marta Rivera Ferner, il. Everest.

Chrystyan Magic, demostraravos que coa imaxinación podedes vivir un montón de aventuras que poden facer realidade os vosos soños.

Diario de Nikki

Rachel Renée Russell. Molino
Historias, en forma de diario, dunha nena que entra nun instituto de alto “standing”. As peripecias con outra nena moi “pija” para conseguir ser o número un da clase.



Diente de león

Mónica Rodríguez. Ilustracións Ximena Maier. Edelvives
Premio Delta de Literatura Infantil 2011.

Narra a historia de dous anciáns que se coñecen e se fan amigos. Manuel non tardará en contarlle as súas lembranzas da infancia a Nicolasa. É unha historia onde se nos mostra o peso que ten a infancia e os recordos, e o importante que é a amizade nas nosas vidas.



Los hechiceros días de Shirley

Elisabetta Gnone. Destino
Segunda parte da triloxía de fadas e encantamentos de Fairy Oak, un pobo máxico, agochado entre os pliegues dun tempo inmortal.



O home que prantaba árbores

Jena Giono. Galaxia
Un pastor de ovellas dedícase durante varias décadas a plantar árbores nun val francés. Un libro que falar da xenerosidade humana sen límites, do respecto á natureza, da aposta pola vida e do amor á terra. Un resumo dos valores universais.



Maripepa e o club do tarambainas

Alfredo Gómez Cerdá. Ilustracións de Miguel Navia. Macmillan Iberia
Maripepa é española. Aínda que naceu na China, os seus pais tamén son españois, e de ningunha maneira ela se ve “amarela”, como din algúns.



Noche de espanto

Carlos Puerto. Ilustracións de Diego Blanco. Gaviota
Kactus, Luna, Eco e Tatiana compoñen a banda dos Epimilóndilos. Nesta entrega das súas aventuras terán que evitar que o noxento Anfibiús se apodere da Terra. Achégase a noite das ánimas e vai ser decisiva...

El señor de los rayos

Pierdomenico Baccalario. Montena
Unha nova entrega da saga de Ulysses Moore na que os protagonistas terán que enfrontarse ao Mal para salvar ao Pobo e a súa última habitante.



Xenaro e a hucha do indiano

Mar Guerra. Ilustracións de Fernando Llorente. Xerais
Despois das aventuras de Xenaro e o misterio da mochila verde (merecedor do Premio Merlín de Literatura Infantil), chega este segundo libro cargado de misterios. Neste caso é a hucha dun indiano falecido a que pon o suspense na historia.

LIBROS PARA NENAS E NENOS DE 12 A 14 ANOS

Los 7 durmientes de oro

Sebastiano Ruiz Mignone. Ilustracións de Manuele Fior. SM

Unha historia de piratas: Un ex barbeiro e sacamoas é o capitán pirata do Halcón, bergantín de tres mastiles e vinte e seis canóns. Ao seu mando, unha das tripulacións máis terribles dos océanos que afrontan a aventura de atopar as sete estatuas de ouro macizo.



Bícame mon amour

Anjel Lertxundi. Ilustracións de Gochi. Galaxia

Maxe cumpre dez anos e os seus pais regálanlle unha cámara de fotos: con ela irá fotografando todo o que lle chama a atención, sen saber que esas fotos poden gardar algunhas sorpresas.

El club de los asesinos limpios

Blanca Álvarez. Planeta

Antonio decide converterse nun dos detectives das súas novelas coa axuda de dous amigos ao morrer o seu tío en estrañas circunstancias.






Contos completos de Edgar Allan Poe

Edgar Allan Poe. Tradución de Eva Alamazán. Galaxia

Os/as afeccionados/as a Poe estades de noraboa: nestes tres volumes cos contos de Poe podemos gozar do mestre da novela policíaca, da estética gótica, o terror, ou o “thriller”: Os crimes da rúa Morgue, O escaravello de ouro, O gato negro, etc.

Un descenso ao Maelström; Sombra

Edgar Allan Poe. Edicións do Cumio
Dous relatos que farán estarrecer aos lectores máis afoutos.



Doménica

Gonzalo Torrente Ballester. Ilustracións de Maravillas Delgado. Espasa

Non falta nesta narración póstuma de Torrente maxia e fantasía: fadas, ogros, cabaleiros, príncipes, etc. A este extraordinario mundo hai que engadirlle a calidade da prosa deste insigne escritor.

La Emperatriz de los Etéreos

Laura Gallego. Alfaguara

Bipa irá en busca do seu amigo Aer para que regrese, antes de que el chegue ao palacio da Emperatriz dos Etéreos, xa que se di que é tan bela que ninguén pode mirala sen perder a razón.

O espírito do cabaleiro

Cornelia Funke. Ilustracións de Friedrich Hechelmann. Xerais

*“Tiña once anos cando miña nai me enviou ao internado de Salisbury. Debo recoñecer que si, que ela ía cos ollos cheos de bágoas mentres me levaba á estación... **Mais meteume igual no tren.**”* Así comeza a novela de Funke que nos levará por paisaxes ás veces aterradoras, ás veces tenras, mais sempre cativadoras.



La fotografía del vampiro. Oliver Nocturne 1

Kevin Emerson. La Factoría de Ideas
Primeira parte dunha saga que serve de presentación do mundo nocturno no que vive o vampiro Oliver Nocturne. Moi parecido aos seus conxéneros, Oliver parece un pouco máis “humano”. Pronto serán levadas á gran pantalla as historias de Oliver pola produtora de Will Smith.

A herdanza do Marqués

Conchi Regueiro. Baía
Historia de amizade, enigmas, lendas sinistras e segredos escuros. Coidas que serás capaz de pasar as súas páxinas sen ter arrepiós?





Misión 02: el traficante

Robert Muchamore. Salamandra
James Adams participa nunha nova misión: ten que atrapar ao máis perigoso traficante de cocaína de Europa. Nesta ocasión vaille facer falta algo máis que os seus coñecementos de axente secreto.



Las ruinas de Gorlan

John Flanagan. Alfaguara
Pronto comezará a batalla: Will terá que prepararse a fondo para ser un guerreiro defensor do reino, e porque non, un heroe. Elixido como aprendiz dos Montaraces, vaise enfrontar con algo que nunca daría imaxinado.

LIBROS PARA MAIORES DE 14 ANOS

Carta al rey

Tonke Dragt. Siruela

Tiuri, un mozo de 16 anos vai ser nomeado cabaleiro do rei Dagonaut. A noite anterior, alguén pídelle axuda nun asunto de suma importancia, poñendo en perigo a súa aspiración.

Faíscas

María Canosa. Galaxia

Como faíscas que se desprenden dunha fogueira nacen estes relatos.

Fantasmas de luz

Agustín Fernández Paz. Ilustracións de Miguelanxo Prado. Xerais

A loita contra a invisibilidade dos/das que son diferentes e dos/das que a sociedade xulga inxustamente prescindibles, abórdase nesta novela con moito sabor a celuloide. Un excelente tándem formado por Fernández Paz no texto e Miguelanxo Prado nas ilustracións.

Febre

Héctor Carré. Xerais

Nos tempos tan difíciles daqueles anos corenta, Carmucha, con só dezasete anos, non se arreda ante as inxustizas. A violencia dun tempo desapiadado contrasta coa esperanza e o amor que se albiscan ao longo das páxinas.





Flanagan Flash-Back

Andreu Martín, Jaume Ribera. Xerais
Flanagan, o novo investigador, busca un culpable de asasinato: a medida que vai tirando do fío da investigación, vai mesturándose a súa vida amorosa, profesional e familiar, ata o punto en que reaparecerá Clara Longo, o seu primeiro amor.

Juego de tronos

George R.R. Martin. Edge Entertainment
Primeira novela da serie “Canción de hielo y fuego”. O argumento basease nunha serie de loitas políticas e guerras civís, non sole haber ameazas exteriores, nos Sete reinos de Poniente, mundo ficticio medieval.



Leonís

César Mallorquí. Ilustracións de Miguel de Unamuno. Edebé
Pablo Galván regresa ao seu pobo natal no Val de Lotar tras ler unha carta que fora escrita polo seu defunto pai no momento en que –doce anos atrás– realizaba unha investigación sobre unha lenda medieval que rematou coa súa vida.

La mecánica del corazón

Mathias Malzieu. Mondadori
A mecánica do corazón artificial de Jack depende de tres cousas: non tocar as agullas, dominar a carraxe e non namorarse, só así poderá sobrevivir.

Morte desde seis vinte e cinco

Jordi Cervera. Rodeira

A Brigada de Investigación dirixida polo sarxento Pons será a encargada de resolver o dobre crime da muller e o fillo dun famoso xogador do Joventut de Badalona.

La noche más oscura

Ana Alcolea. Anaya

VIII Premio Anaya de Literatura Infantil y Juvenil.


Historia baseada en feitos reais. Nun faro de Noruega van a suceder terribles episodios durante a II Guerra Mundial.



A noite que Wendy aprendeu a voar


André Martin. Xerais

Atopámonos cunha novela policial, de ritmo trepidante e misteriosas pescudas, na que sae á luz a inxustiza dunha sociedade que vai deixando na marxe aos máis débiles, o debuxo dunha sociedade na que os valores andan aqueloutrados e semella pensada para que só os peores acaden o poder e incluso a gloria.



Sé que estás allí

Lydia Carreras de Sosa. Edelvives
O tema do bullying está presente nesta novela: Rosendo Moncadas sofre os insultos e as humillacións dos seus compañeiros de clase e parece que non verá a luz ao final dese horrible túnel, pero do xeito máis inesperado, encontrará unha solución.



Theodore Boone: joven abogado

John Grisham. Montena
O mestre de novelas xudiciais irrompe na novela xuvenil con este título. Theodore, un rapaz do máis normal seducido polo Dereito e os Tribunais, intenta aportar probas no xuízo polo asasinato da señora Duffy, xa que só Theodore sabe quen é o verdadeiro culpable...



Las Tierras de Meed. Volume III: Cenizas

Carlos González Sosa. Mundos Épicos
Volume final da triloxía de Las Tierras de Meed. Un final inesperado no que a Señora de las Minas colectará a súa primeira derrota: mais esta é só unha batalla na longa guerra que lle agarda.

A vida que non é

Rafael Laso. Tambre

Un escritor merca unha casa abandonada que agocha un antigo secreto. Esa morada vai conectar a vida dunha muller, un pintor, un crego, un home emigrado e un médico que tentan descifrar o incomprendible.

El viento de Santiago

Paola Zannoner. Marenostrum

Os pais de Jorge acordan, de súpeto, marchar de Santiago de Chile para Estados Unidos. Na súa decisión parecen estar influídos pola incómoda presenza dunha anciá que leva velando o seu domicilio durante semanas. Os seus amigos deciden investigar se hai algo no pasado de Jorge que aporte algunha explicación...



BANDA DESEÑADA PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS

300


Frank Miller. Norma

A batalla das Termópilas convertida en cómic polo autor de Sin City.

Desde la oscuridad

Avilés. Diábolo

Cómic de terror que comprende todas as historias do autor publicadas nos primeiros números da revista Cthulhu.



Fagocitosis

Marcos Prior & Danise. Glénat

Este cómic componse de 17 historias curtas con certa continuidade, todas narran parte da historia do mundo en que vivimos.

Hechos, dichos, ocurrencias y andanzas de Bardín el Superrealista

Max. La Cúpula

Premio Nacional do Cómic 2007

Recompilación de historietas publicadas en revistas e xornais desde 1997. Bardín é un curioso personaxe de gran cabeza e vestido de azul cunha peculiar e metafísica visión do mundo.



El invierno del dibujante

Paco Roca. Astiberri

España anos 50, aproximación ás vivencias dun coñecido grupo de historietistas, que intentan dignificar o seu oficio enfrontándose a un sistema de traballo establecido que aínda non os consideraba plenamente artistas.



Polly y los piratas

Ted Naifeh. Dibbuks

Polly Ann Pringle é unha estudiosa dama que medrou nun aburrido e estirado internado victoriano. Ansiosa de aventura, é raptada durante a noite por unha tripulación de piratas.



Punto de fuga

Miguel Cuba. Demo

Preséntanos os problemas cotiáns da mocidade, a busca dun posto de traballo, as súas contradicións, dúbidas, etc. Unha proposta moi interesante nesta primeira novela gráfica de Miguel Cuba, un autor moi prometedo.



Rosangela

Eric Corbeyran e Olivier Berlion

Novela gráfica que ten como protagonista a unha muller supervivente dun caso de violencia de xénero, que soubo refacer a súa vida, pero que se vai ver sometida a unha dura proba.



Supreme: la historia del año

Guión de Alan Moore. Mondadori Premio Eisner 1997 ao mellor guión. Reedición das aventuras do heroe Ethan Crane, personaxe imitación de Superman que recorre á violencia ao máis mínimo. Aventuras repletas de acción e novas situacións. Criaturas mentais, entes sen corpo e robots esquizofrénicos.

OBRAS LITERARIAS PARA OZAS/OS E ADULTAS/OS

1Q84. Libro 3

Haruki Murakami. Tusquets
Conclusión da historia de Aoname e Tengo, iniciada na anterior novela de Murakami 1Q84. Libros 1 e 2



A éstos yo canto y yo nombro: escritores en la obra de Pablo Neruda: antología

Pablo Neruda. Compilación e prólogo: Darío Oses. Fondo de Cultura Económica

Unha selección dos poemas que Neruda creou como homenaxe aos outros poetas aos que el admirou e que o inspiraron.

Acusación

Xiana Arias Rego. Galaxia
Un novo poemario desta nova escritora galega.

Agua

Eduardo Berti. Tusquets
Un xestor dunha empresa de enerxía, intenta instalar a luz artificial nunha pequena vila portuguesa. Celebrado polos veciños burgueses, pero condenado polos que ven nela un invento maléfico.





La alianza del converso

Agustín Bernaldo Palatchi. Roca Editorial

O esplendor artístico e humanístico da cidade dos Médici, a Florencia do século XV, a través das vivencias de Mauricio, converso español descendente dun rabino do século XIII.

El amor de mi vida

Rosa Montero. Alfaguara

A intimidade literaria de Rosa Montero a través dos textos publicados no xornal El País ao longo dunha década. Unha ollada apaixonada e afastada de convencionalismos.




El ángel perdido

Javier Sierra. Planeta

Novela de aventuras que da comezo nas obras do Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago e lévate ata o cume das enigmáticas montañas de Turquía.

Ángulo de reposo

Wallace Stegner. Libros del Asteroide
Catro xeracións dunha familia norteamericana da Costa Este que se instalan na California remota e agreste do século XIX.



El arte de no decir la verdad

Adam Soboczynski. Anagrama

Trinta e tres relatos arredor da relevancia que teñen o engano, as mentiras e a aparencia no comportamento da sociedade actual.

El beso de Glasgow

Craig Russell. Roca Editorial

Novela negra centrada no submundo marxinal relacionado co boxeo na cidade de Glasgow, nos anos cincuenta do século pasado. Segundo libro da serie do detective Lennox.



O Cabo do Mundo

Xabier Quiroga. Xerais

Carlos Pereiro é un profesor de instituto e escritor, de 47 anos, diagnosticado de cancro terminal que decide comezar unha investigación centrada en dúas teimas do pasado: saber se seu pai foi un asasino e saber se a muller á que sempre amou, o ama tamén ou o amou algunha vez.

As indagacións sobre seu pai levarano a uns duros sucesos da represión franquista executados polas “brigadas do amencer”, no 1936, en diversos lugares da Ribeira Sacra: O Saviñao, Chantada, etc. O propio título fai referencia a un lugar das ribeiras do Miño.

O autor realiza unha investigación histórica e mesturando realidade e ficción, pasado e presente, ofrece esta novela inspirada en sucesos reais da Guerra Civil e da posguerra pero na que os personaxes e as situacións son inventadas.



La casa de hielo

Inger Frimansson. Ediciones B
Nesta novela recrease con grande perspicacia a traxectoria vital de Justine Dalvik. Unha progresiva transformación que se traduce nun inquietante suspense psicolóxico.

La carta cerrada

Gustavo Martín Garzo. Lumen
No Valladolid da posguerra, a dor dunha nai á que se lle escaparon todos os sonhos, de súpeto, é lembrada polo seu fillo, testemuña atenta dos instantes comúns.



La certeza

Eloy Sánchez Rosillo. Tusquets
A crítica di que o poeta abandona o ton elexiaco de obras anteriores para mirar cara adiante e fixarse no que a vida ten de bo e positivo

Coa carauta posta

Concha Blanco. Toxosoutos
Unha muller entrada na trintena que, tras o accidente de tráfico dun amigo, se ve obrigada a darlle un xiro inesperado á súa existencia.



El cuaderno de Maya

Isabel Allende. Plaza&Janés
É sorprendente como de novo a autora fascina cunha historia crúa e conmovedora que mestura temas da historia chilena cos problemas máis actuais da protagonista adolescente.

La dama de la furgoneta

Alan Bennett. Anagrama

Retrato psicolóxico que converte a Miss Shepherd, unha anciá que vive no xardín da casa do autor, nun modelo literario que representa ás persoas que escollen voluntariamente a marxinalidade como símbolo de independencia e audacia de carácter.



Deseos

Marina Mayoral. Alfaguara

A vida de varios personaxes atormentados por desexos que non foron quen de cumprir ou que gardan pechados no fondo da súa memoria.



Dime algo sucio


Diego Ameixeiras. Xerais

Novela de intriga que pretende desvelar o misterio que une as vidas cruzadas de persoas moi diversas.

Ellos

Juan Ramón Jiménez. Linteo

Oitenta e seis poemas, moitos deles inéditos que aluden ao ámbito familiar do poeta.



Emaús

Alessandro Baricco. Anagrama

Catro adolescentes que viven nos anos setenta, profundamente católicos. Todo vai cambiar nas súas vidas coa aparición dunha moza de ideas totalmente liberais.



Los enamoramientos

Javier Marías. Alfaguara

A narradora, María, ve todos os días como unha parella, Desvern e a súa muller Luisa, se citan para almorzar e envexa o amor que se profesan. Axiña a fatalidade truncará esta relación xa que Desvern é asasinado...

Los enunciados protocolarios

Álvaro Pombo. Fundación José María Lara

O derradeiro poemario deste escritor onde reflexiona sobre o amor, coa súa especial visión irónica, os seus triunfos e as súa derrotas, lembrando con melancolía a súa perdida. Poesía chea de paixón, beleza e forza.

El espíritu de mis padres sigue subiendo en la lluvia

Patricio Pron. Mondadori

Unha novela sobre a responsabilidade de pais e avós nos feitos trágicos da historia recente arxentina.

Esquina rabiosa (1958-2002)

Alfredo Pons. Debuxos de Alfredo Pons, Marta Guerrero e Selva Posn. Edicions de Ponent

Unha viaxe pola obra deste desaparecido debuxante e guionista da revista "El Vibora", unha visión intimista dos baixos fondos e do mundo da prostitución das rúas de Barcelona.

Una esposa de fiar

Robert Goolrick. Salamandra Wisconsin, 1907. *Ralph Truitt pon un anuncio no xornal solicitando “unha esposa de fiar” que o acompañe na súa mansión no medio da nada.*



Extravío en la luz

Antonio Gamoneda. Preámbulos de Amelia Gamoneda, grabados de Juan Carlos Mestre. Casariego *Precioso libro con seis poemas deste Premio Cervantes, cinco deles inéditos acompañados con maravillosos gravados, onde poesía e arte danse a man.*

Fin

David Monteagudo. Acantilado *Un grupo de antigos amigos reúnen-se para pasar un fin de semana, xurdindo entre eles confesiões e antigos reproches.*



Flores de verano

Tamiki Hara. Impedimenta *O autor do libro que residía en Hiroshima pola época en que lanzaron a bomba atómica, narra o antes o durante e o despois da traxedia.*

A frecha azul do teixo

Eva Veiga. Espiral Maior *“É un libro que parte da reflexión pola morte, pero é vitalista”, así resume Eva Veiga o seu novo poemario inspirado pola morte da súa nai.*





Ganas de hablar

Eduardo Mendicutti. Tusquets
A vida dun personaxe que se recoñece noutros –mulleres, inmigrantes, xente fina vinda a menos– e que reclama o seu dereito a lembralo e contalo todo.

Gilead

Marilynne Robinson. Tusquets
O reverendo dunha pequena vila de Iowa narra nunha carta póstuma o devir da súa comunidade, nun prodixioso retrato da América profunda dominada pola relixiosidade e o illamento.



El gran mundo

David Malouf. Libros del Asteroide
Retrato dunha amizade de contrastes forxada durante a guerra que configura un fresco do devir social na Australia da segunda metade do século XX.

El gran zoo

Nicolás Guillén. Ilustracións de Arnal Ballester. Libros del Zorro Rojo
Como se dun bestiario medieval se tratara o autor analiza baixo o seu prisma os elementos da natureza e aspectos do ser humano, con humor e ironía crítica a sociedade. Poemas creados cunha métrica libre para aumentar a expresividade. O libro acompáñase das ilustracións de Ballester que amosa á perfección o universo do poeta cubano.

Una historia iraní de amor y censura

Shahriar Mandanipour. Lumen
Os afectos, a procura do amor nunha sociedade opresiva e pechada. Irán na actualidade, dúas estudantes e unha intimidade prohibida.

Historias de Oregón

Diego Ameixeiras. Xerais
A aparición do cadáver dunha muller no fondo dun río, unha parella que se encontra unha vez ao mes nun motel ou unha muller que sofre a violencia do seu home, son algunhas das historias curtas que o autor reúne neste libro.



El hombre del lago

Arnaldur Indridason. RBA
O inspector Sveinsson terá que investigar a aparición dun esqueleto no fondo do lago cun furado no craneo.



El instante fatal = L'instant fatal

Raymond Queneau. Visor Libros
Poemas surrealistas que reflexionan con humor sobre a linguaxe e a cultura.



El jardín olvidado

Kate Morton. Suma de Letras
Novela que narra a vida de tres xeracións de mulleres e o que lles carrexarán as decisións que tomen. A historia desenvólvese entre os séculos XX e XXI. Nell esconde o seu pasado pero a súa neta Cassandra descubrirá o segredo mellor gardado ao recibir unha imprevista herdanza composta por unha cabana e un enigmático xardín nas terras de Cornualles.



El jinete del silencio

Gonzalo Giner. Temas de hoy
Yago, un mozo privado do amor da súa nai, posúe un don único: é capaz de expresar a súa riqueza interior a través dun animal, o cabalo.

Libre, solo y sin pasta

Romain Monnery. Grijalbo
Novela humorística sobre as peripecias dun mozo francés desempregado que fai do lecer unha estraña forma de vida.



O máis estraño: contos reunidos

Manuel Rivas. Xerais
Antoloxía de contos de Manuel Rivas. Segundo o autor estes contos non están reescritos, senón que os presenta cunha revisión estilística. Hai tres contos inéditos: "A sombra dos soños", "O despertar da criada" e "O misterio de Uz".

El mejor amigo del oso

Arto Paasilinna. Anagrama

Humor e reflexións profundas mestúranse nesta novela protagonizada por un pastor protestante e a súa mascota, un oso chamado Lucifer.

La memoria de la piel

David Grossman. Seix Barral.

Dúas novelas curtas. En Delirio fala dun home obsesionado pola posibilidade de que a súa muller lle fora infiel. En La memoria de la piel unha escritora de éxito narra sen piedade a aventura que viviu a súa nai cun adolescente.

Meu pai vaite matar


María Xosé Queizán. Xerais

Diana, unha moza que traballa para a policía xudicial, pescuda nos segredos máis ocultos da súa familia e déixanos un relato cheo de intriga e aventura.

Mil años de poesía española: antología comentada

Francisco Rico. Blacklist

Unha coidada selección dos mellores poemas da Historia da Poesía española. Clasificados por épocas e autores, e comentados. Imprescindible para saber de poesía.






Na intimidade do azougue

Pablo Bouza. Espiral Maior
Crónica dun verán expresado en poemas nos que o autor mostra o seu maxistral dominio da palabra. Este libro obtivo o 1º Premio da 36ª edición do Certame Literario do Concello de Vilalba.

Nadie me verá llorar

Cristina Rivera Garza. Tusquets
O México de principios do século XX a través da turbulenta experiencia vital de Matilda, unha paciente internada no célebre manicomio La Castañeda.



Némesis

Philip Roth. Mondadori
1944, unha epidemia de polio está causando estragos entre os nenos de Nova Jersey e os seus efectos faranse notar tamén na comunidade de Newark, cuns valores familiares moi arraigados.



El nido de la serpiente

Pedro Juan Gutiérrez. Anagrama
As vivencias dun mozo cubano que se está abrindo paso na vida, na Cuba dos anos 60.

No entiendo el mundo árabe

Tahar Ben Jelloun. El Aleph

A través da correspondencia electrónica entre varias adolescentes europeas, entre elas algunhas de orixe musulmá, coñeceremos as súas opinións sobre temas como a laicidade, a xenofobia ou o terrorismo islámico.



No me gustaría palmarla: poemas ilustrados

Boris Vian. Prólogo de David Villanueva. Demipage

O autor rí da morte con ironía e moito humor, por iso co galo do 50 aniversario do seu falecemento, publícase de novo este libro coa colaboración de artistas e intelectuais que reinterpretan o universo de Viam.

La noche sucks

Blanca Riestra. Alianza Editorial

Relato coral de personaxes da noite da cidade fronteiriza de Albuquerque que abstrae a imaxinería da América profunda.

Nocturnos

Kazuo Ishiguro. Anagrama

Cinco relatos curtos conectados entre sí a través dos temas ou dos personaxes.





Los olivos de Belchite

Elena Moya. Suma de letras
Tres mulleres, a caballo entre Gran Bretaña e España, enfróntanse ás largas sombras dunha guerra pasada e ás pegadas que deixa na actualidade.

Padres, hijos y primates

Jon Bilbao. Salto de Página
Novela realista pero con tinguiduras de pesadelo. O protagonista, nun momento difícil para a súa empresa, viaxa a Cancún para asistir a unha voda. A ameaza de furacán e o encontro cun antigo profesor desatarán un trágico final.



Paisaje con grano de arena

Wisława Szymborska. Lumen
Selección de poemas da que fora Premio Nobel de Literatura en 1996.

El pájaro espectador

Wallace Stegner. Libros del Asteroide
Amósanos como é a vida dun matrimonio xubilado que marchou a vivir ao campo californiano. As lembranzas lévaos a facerse preguntas e a reflexionar sobre o seu matrimonio. É unha entretida novela, cunha prosa coidada e unha historia na que nos describe dúas persoas maiores que chegan ao final das súas vidas. Un libro para reflexionar sobre a vellez e o matrimonio.

Los pálidos señores con las tazas de moca

Herta Müller. Norte y Sur

Poesía de «compromiso artístico», poesía-collage composta a partir da elección de palabras que Herta Müller (escritora rumana en lingua alemana) tiña recortadas de revistas.



Piedra y sol: (Poemas elegidos)


Octavio Paz. Ed. de Luis Antonio de Villena. Visor Libros

Unha coidada selección dos poemas máis representativos do Premio Nobel Mexicano.

Poemas tardíos

Wallace Stevens. Versión de Daniel Aguirre. Lumen

Recompilación dos derradeiros poemas deste xenial poeta norteamericano.



Poesía completa

Idea Vilariño. Lumen

Un xeito de coñecer a esta creadora uruguaia, de gozar de poemas pensados, madurados, íntimos, básico para entender a poesía iberoamericana contemporánea.



Poesía completa 1956-1963

Sylvia Plath. Ed. Ted Hughes. Traducción e notas de Xoán Abeleira. Edición bilingüe, castelán, inglés. Bartleby Editores

A súa poesía recrea un universo inconsciente, e permítenos coñecer a súa vida e os seus sentimentos, mesturados coas consecuencias da súa enfermidade mental. A súa morte converteuse nun mito da cultura norteamericana. Un xeito de achegarse a esta muller.



Poesía galega completa

Ramón Cabanillas. Ed. de Xosé María Dobarro e Xosé Ramón Pena. Xerais
Actualización dun clásico imprescindible da cultura galega. Un bo xeito de coñecer e gozar de Cabanillas.

Poesía para los que leen prosa

Miguel Munárriz. Visor
Imprescindible antoloxía poética para lectores e lectoras con sensibilidade que non atopan na poesía o pracer que lles proporciona a prosa.

Poesías Completas

César Vallejo. Edición, prólogo e notas de Ricardo Silva-Santesteban. Visor Libros

Recompilación dos poemas deste gran renovador. A través das súas tres etapas creativas: modernista, vangardista e revolucionaria, observamos a evolución da súa linguaxe e as súas reflexións, en torno á humanidade, á sociedade e aos sentimentos.

Una saga moscovita

Vasili Aksiónov. La otra orilla

A grandeza e as miserias da vida cotián dunha familia de médicos na Unión Soviética entre os anos da nacente revolución e os tempos da morte de Stalin.



Las señoritas de escasos medios

Muriel Spark. Impedimenta

Novela ambientada no final da II Guerra Mundial. A acción sitúanos en Londres nunha residencia de mulleres solteiras e a súa vida despreocupada ante un mundo que rexorde das súas cinzas.



Los sinsabores del verdadero policía

Roberto Bolaño. Anagrama

Obra póstuma de Bolaño na liña de outras obras súas como 2666 ou Los detectives salvajes.



Sunset Park

Paul Auster. Anagrama

Miles Heller vive en Florida e traballa para unha empresa ao servizo dos bancos da zoa, que se encarga de baldeirar as vivendas dos desahuciados que non puideron pagar pola crise. A súa vida transcorre sen máis emocións ata que coñece a unha menor e namórase dela.

El temor de un hombre sabio: crónica del Asesino de Reyes: segundo día

Patrick Rothfuss. Plaza&Janés

A narración comeza onde a rematou en "El nombre del viento" (anterior novela deste autor), na universidade. Desde alí o protagonista deberá partir na busca de historias agochadas en libros cheos de pó ou que se relatan en fogueiras, camiños ou tabernas.

Todo el amor

Pablo Neruda. Visor Libros

Recompilación por parte do autor dos seus mellores poemas de amor.

Todo lo que tengo lo llevo conmigo

Herta Müller. Siruela


Unha historia persoal reflicte a persecución dos romanos durante a ditadura stalinista. Herta Müller é Premio Nobel de Literatura 1999.



La traición de Roma

Santiago Posteguillo. Ediciones B

Terceira parte da triloxía sobre Publio Cornelio Escipión onde se narra a última etapa da súa vida.



Os trovadores de Occitania

Escolma, edición e tradución de Darío Xohán Cabana. Edicións da Curuxa
Toda a información sobre os grandes trovadores da metade sur de Francia e unha selección dos seus mellores e imprescindibles poemas.



U de ultimátum

Sue Grafton. Tusquets

Un novo caso para o detective Kinsey Millhone que esta vez ten que pescudar nun secuestro sen resolver vinte anos atrás.

La última noche en Twisted River

John Irving. Tusquets

Un desgraciado accidente, unha vinganza, a fuxida dun pai e un fillo dende Estados Unidos a Canadá para iniciar unha nova vida.



Vía secundaria

An Alfaya. Xerais
As vidas de varias persoas entrecrúzanse arredor dun incidente que marcará un punto de inflexión en cada unha delas, reflectindo a súa soidade e incomunicación.

Vicio propio

Thomas Pynchon. Tusquets
O final dos sesenta e principio dos setenta son décadas fetiche de Pynchon, que nesta obra, inclasificable, apunta novamente o cambio de valores que avanzaba sobre a sociedade norteamericana, co egoísmo sobre o humanismo e o cinismo sobre a honestidade.



La vida de las mujeres

Alice Munko. Lumen
Narra a vida dunha nena que vive nunha vila: o seu día a día, a relación coa súa familia... Co tempo coñecerá a un mozo de clase baixa co que terá unha relación pasional...

Las vidas de Dubin

Bernard Malamud. Sajalín
William Dubin, escritor de biografías, vive xunto coa súa muller nunha localidade ás aforas de Nova York. Pero a súa tranquila vida cesa cando coñece a Fanny, unha admiradora trinta anos máis nova, porque volve a el o desexo apaixonado e o recordo da súa mocidade.

El vigilante del fiordo

Fernando Aramburu. Tusquets
Novos territorios na narrativa breve de Fernando Aramburo, franqueando abertamente os límites temáticos e estilísticos que el mesmo se marcou na súa obra fundamental "Los peces de la amargura".


La viuda embarazada

Martin Amis. Anagrama
Martin Amis retrata unha época, os anos 70, a través do seu novo protagonista Keith Nearing.




Vive como puedas

Joaquín Berges. Tusquets
Unha comedia de enredo sobre os difíciles equilibrios da vida, das relacións, do tempo que todo transforma, e dos sueños, promesas feitas para non cumprirse.



Vivir sin poesía

Peter Handke. Tradución e prólogo de Sandra Santana. Edición bilingüe castelán alemán. Bartleby Editores
Unha recompilación dos mellores poemas deste creador alemán contemporáneo.



Las voces del desierto

Marlo Morgan. Ediciones B
Novela que narra a experiencia vivida polo autor nunha viaxe a pé polo deserto australiano na compañía dun grupo de aborixes, a súa convivencia, penalidades e vivencias.

LIBROS DE COÑECEMENTOS PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS



1.000 sitios que ver antes de morir

Patricia Schultz. MR ediciones
O planeta Terra agocha lugares imprescindibles pola súa beleza, pola súa singularidade, pola súa exclusividade..., unha recompilación para que cando vaias de viaxe non te esquezas dos pequenos detalles, os lugares que todos deberíamos poder ver e gozar.

30.000 años de arte: la Historia de la creatividad humana a través del tiempo y el espacio

Phaidon Press Limited
Un magnífico resumen da arte dende a antigüidade ata hoxe, imprescindible para todos os amantes, estudantes e afeccionados á Historia da Arte.



4 x 20: cocina imaginativa para presupuestos ajustados

Temas de Hoy.
Se tes catro convidados a comer e 20 • no peto, este libro é o que necesitas, baseado no programa do mesmo título que se emite no Canal Cocina, agrúpanse menús ricos, apetecibles e baratos.

Actividad física adaptada: el juego y los alumnos con discapacidad

Mercedes Ríos Hernández...[et al].

Paidotribo

Libro centrado nos alumnos con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais. Todo tipo de xogos adaptados a este colectivo.



Agrupémonos todas: la lucha de las españolas por la igualdad

Isaías Lafuente. Aguilar

Moitos e difíciles foron os anos que nos custou ás españolas ser consideradas pola lei suxeitos de pleno dereito, pero a realidade cotián das mulleres maltratadas di que aínda hai moitas cousas por conseguir.

Alzheimer: manual de instrucciones

Nolasc Acarín. RBA.

Toda a información sobre esta terrible enfermidade, amosada dun xeito rigoroso, imprescindible para poder enfrontarnos a ela, e para coidar aos que a padecen. Unha recomendación no Ano Internacional da investigación en Alzheimer.



Antes del Big Bang

Martin Bojowald. Debate

Cruzamos o Gran Estoupido, a liña vermella da cosmoloxía para penetrar nas novas teorías do universo oscilatorio ou Gran Rebote. Qué había antes da creación do noso universo?



El Arte Románico: en Galicia y Portugal, A Arte Românica em Portugal e Galiza

Fundación Pedro Barrié de la Maza, Fundaçâs Calouste Gulbenkian.

A Arte Românica é a máis representativa tanto en Galicia como en Portugal, polo que coñecela en profundidade fará que gocemos máis do noso patrimonio artístico.



Atlas del Arte

John Onians. Blume

Unha obra imprescindible que aborda dun xeito novo e diferente a historia da arte a nivel mundial e dende a antigüidade. Un atlas que amosa como a xeografía determina a arte, analizando as diferentes correntes artísticas nos diferentes contextos, políticos, económico, social e cultural ao longo do tempo e do espazo.

Atlas mundial del gastrónomo

Martha Rose Shulman. Blume

Ao longo do mundo, os homes alimentáronse dun xeito diferente segundo os alimentos dos que dispoñían. Con este atlas saberás como se cultivan, manipulan, cociñan, e as receitas dos principais pratos; de como a xeografía e a historia inflúe na gastronomía.

Atrévete a cocinar

Karlos Arguiñano. Baint

Saibas cociñar ou non, este libro gustarache. Se non sabes, aprenderás e se xa es un experto/a, mellorarás os teus pratos. Libro práctico e sinxelo para facer máis agradable a nosa alimentación, da man do cociñeiro máis televisivo.



Auténticas e verdadeiras historias nas que se conta como Galicia chegou a ser unha terra baldía e o que lle pasou á humanidade

José Carlos Bermejo Barrera.
Lóstrego

Sátira aguda e inmisericorde da nosa sociedade e da nosa historia.

Bayo: el general que adiestró a la guerrilla de Castro y el Che

Luis Díez. Debate


Alberto Bayo y Giroud foi un militar metade español e metade cubano que naceu para a acción e así viviu, primeiro loitando ao lado dos republicanos españois e despois de Fidel Castro. Unha vida que vale a pena rescatar do esquecemento.



El Bierzo y su gastronomía: la esencia del Noroeste

Manuel Cuenya, José María Muñiz e Javier Tomé. Fotografía de Manuel Uría. Everest

O Bierzo é paisaxe, patrimonio, xente e tamén gastronomía, rica e variada, chea de tradición e calidade. Con este libro poderás organizar o teu próximo viaxe a estas terras, sen esquecer o estómago.



Cambio climático: causas, consecuencias y soluciones

Carlos González Armada. AMV Mundi-Prensa

A rotura do punto de equilibrio no que se asenta o cambio climático ven provocada pola acción depredadora do home. Pode restituírse sen renunciar ao grado de benestar ou ás esixencias da sociedade de consumo?



El cerebro infantil: la gran oportunidad

José Antonio Marina. Ariel

Libro que invita a coñecer como funciona o cerebro e como podemos aplicar estes coñecementos na educación dos nosos fillos e fillas.

Cita en Fisterra

Luís Rei Núñez. Xerais

Unha viaxe pola Costa da Morte.

Clandestinos: ¿Qué hay detrás de la inmigración ilegal?

Martín Aldalur. Ediciones B

O autor recolle unhas trescentas testemuñas sobre a emigración desde o continente africano ata a chegada e integración no país de destino.



Cogomelos medicinais

Alejandro Mínguez González. Do Cumio

Os cogomelos ofrécennos numerosas posibilidades, non soamente culinarias senón tamén medicinais. Con este libro coñeceremos estas últimas, para introducilos nos nosos pratos e para saber como os utiliza a industria farmacéutica.



Cuba a cámara lenta: retrato de una isla imprevisible

César G. Calero. RBA

O autor propón un recorrido orixinal e ameno pola illa caribeña, lonxe dos tópicos. Percorrido que debe facerse a escasa velocidade, deixándose levar polo ritmo que late na illa.



Cuentos y cuentistas: el canon del cuento

Harold Bloom. Páginas de Espuma

Percorrido polo conto contemporáneo a través de trinta e nove autores/as.


Diccionario de etnografía e antropoloxía de Galiza

Xosé Ramón Mariño Ferro e Xosé Manuel González Reboledo. Nigratrea
Neste obra feita por uns dos mellores expertos no tema expónse e explícase a cultura material, as tradicións e os usos e costumes do rico patrimonio cultural galego. Un xeito de coñecer a nosa idiosincrasia.

Donas do segredo

Xan G. Muras. Tribaldes

Un precioso libro onde se mesturan excelentes fotografías sobre a natureza galega cunha selección de poemas das grandes poetas da nosa terra, un foto-poema sobre a nosa paisaxe.



En mares salvajes: un viaje al Ártico

Javier Reverte. Plaza & Janés

Descrición das rexións percorridas de Canadá, mesturadas coa historia das antigas exploracións destas terras.

La economía no existe

Antonio Baños Boncompain. Los Libros del Lince

Sentes que a democracia está secuestrada pola “econocracia”? Consideras que a vida en comunidade non debe rexerse unicamente por cifras e modelos aplicados sen piedade? Aplicando humor onde rexé a desesperación, Antonio Baños aposta por outro modelo.

La fe del graffiti

Norman Mailer. Fotografías de Jon Naar. 451 Editores


Reedición deste célebre título publicado orixinalmente en 1973 e considerado acta gráfica fundacional do movemento xurdido en Filadelfia e que empezaba a inundar Nova York nos seus espazos públicos.



Guerra Civil: que pasou en Galicia e en España

Federico Cocho. Xerais

75 anos despois do inicio da Guerra Civil este libro conta dun xeito xeral o que aconteceu, os acontecementos claves, os determinantes, centrando en Galicia, acompañando con pequenas biografías dos actores máis importantes ao final de cada capítulo.



Historia de América: dende as orixes aos tempos actuais. Tomo I: América Precolombina e colonial)

Carlos Sixirei Paredes. Ir Indo

Un estudo rigoroso, didáctico e aberto á interpretación e ao debate, sobre os inicios da Historia de América, dende os tempos anteriores á conquista ata os anos finais do colonialismo.



Historia del mundo sin los trozos aburridos

Fernando Garcés Blázquez. Ariel
Un recorrido pola Historia Universal a través de divertidas anécdotas.

Historia Social da Guerra da Independencia en Galicia

Xosé Ramón Barreiro Fernández. Xerais

A Guerra de Independencia foi un episodio onde o papel do pobo foi decisivo, na difusión de ideas novas e de loita. Neste estudo amósase a intrahistoria da guerra en Galicia, un xeito novo de afrontarse ao estudo deste episodio histórico.



El holocausto español

Paul Preston. Debate

A Guerra Civil española vista polo prestixioso hispanista inglés.

Internet como recurso educativo

Aurora Unturbe Fernández e Carmen Arenas. Anaya

Este libro pretende ser unha axuda para mestres que queiran introducir as novas ferramentas informáticas nas aulas.



La inutilidad del sufrimiento

M^a Jesús Álava Reyes. La esfera de los libros

Claves para afrontar a vida dun xeito positivo, sen instalarse no sufrimento.

Itinerarios seguindo o río Miño: información práctica, historia, itinerarios, fotografías...

Paco Armada. Xerais

O Miño rega case a metade das terras galegas, a través do seu percorrido diagonal descubriremos terras, xente, patrimonio, paisaxes, ... Con este libro aproveitaremos ao máximo esta viaxe e axudaranos a non perder detalle.



El libro de Office 2010

V.V.A.A. Anaya Multimedia

Exhaustivo manual avanzado sobre a suite informática Office na súa versión máis recente. Dirixido a profesionais e usuarios que desexen mellorar e profundizar unha base de coñecemento adquirida previamente.



Un Madrid literario

José Manuel Caballero Bonald e José Manuel Navia. Edición de Publio López Mondéjar. Lunwerg

Madrid inspirou e influíu no proceso creativo dos principais autores da literatura española. Este libro fala diso xunto cun reportaxe fotográfico onde se combina a imaxe e as letras. Un xeito distinto de coñecer Madrid.

As novas casas galegas: vivendas destacadas nos premios Juana de Vega de arquitectura 2007-2009

Fundación Juana de Vega, Escola Galega da Paisaxe. 2010

A información que precisas para coñecer a arquitectura actual que se está a facer en Galicia.



Ollos da memoria: conversas no Monxoi con Isaac Díaz Pardo

Montse Nieto. Toxosoutos (Conten DVD)

Unha achega a un importante e atractivo personaxe da cultura galega contemporánea, con el coñeceremos tamén como foi a súa vida, e os momentos determinantes vividos pola sociedade, a cultura e a intelectualidade galega dende a II República.



Patricia Highsmith: el talento de Miss Highsmith

Joan Schenkar. Circe

Biografía sobre a autora de "Extraños en un tren" o "El amigo americano". A súa apaixonante e complexa personalidade.

Pequeña historia de la música

Fernando Argenta. Espasa

Percorrido pola historia da música desde a Prehistoria ata os noso días cunha narración sinxela e atractiva.

A poesía necesaria: lectura e creación poética dentro da aula

Antonio García Teijeiro. Galaxia

Todo o necesario para ensinar e para aprender de poesía e coa poesía, dentro ou fóra da aula.

Por qué quiebran los mercados: la lógica de los desastres financieros

John Cassidy. RBA

Se queres entender o por que da crise económica que estamos a vivir, tes que ler este libro. Nel, atoparás dun xeito rigoroso e científico a explicación á crise, o seu proceso, a súa evolución, as fases, ...



Principios básicos de la arquitectura del paisaje

Tim Waterman. Nerea Académica

Actualmente hai unha maior preocupación sobre a arquitectura sostenible, pero non é unha disciplina nova, xa que ven dende antigo. Consultando esta obra aprenderas sobre este tipo de construcións.

Ramón Caamaño: retratos da Costa da Morte

Manuel Sendón e X.L. Suárez Canal.

Centro de Estudos Fotográficos

Escolma de imaxes dun dos mellores retratistas galegos, feita desde un punto de vista sobre todo visual, sen restarlle importancia á perspectiva antropolóxica, social e histórica.

Revela: morrer de infancia

V Foro Internacional Fotorreportaxe e Sociedade. Concello de Oleiros
A mostra recolle o traballo de vinte e cinco fotógrafos de recoñecido prestixio internacional que denuncian as condicións de violencia e abusos nos que malviven os menores en países afectados por conflitos.



Sobre o racismo lingüístico

Edición de María Pilar García Negro. Laiovento
Reflexión sobre a situación da nosa lingua, o seu proceso de normalización, o seu presente, o seu pasado e o seu futuro.



Steve Jobs

Walter Isaacson. Debate
Única biografía de Jobs escrita en colaboración con el. Steve fala dos seus rivais: Microsoft e Google, e conta todas as interioridades da súa vida.

Los tesoros de Rembrandt

Michiel Roscam Abbing. Ediciones Lu
Un coidado estudo sobre a vida e a obra deste xenio da pintura, do debuxo e do gravado. Cheo de ilustracións e reproducións facsímiles que nos achegan a época na que viviu.

La trampa del velo: el debate sobre el uso del pañuelo musulmán

Ángeles Ramírez. Catarata

O obxectivo deste libro é desvelar (valga a redundancia) o que hai detrás do velo como fenómeno social, tanto desde o punto de vista do seu fomento nalgunhas sociedades, como do seu regulamento ou restrición de uso noutras.

Virginia Woolf

Quentin Bell. Lumen

Rigorosa biografía sobre a gran escritora inglesa Virginia Woolf , autora de *Orlando*, *La señora Dalloway* ou *Un cuarto propio*.

Xeografía de Galicia

María José Piñeira Mantiñán, coord.
Xerais

Novo análise territorial dos cambios recentes producidos nos sectores básicos da economía e o seu reflexo nos movementos demográficos, sociais e culturais no conxunto do país.



DVD PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS



El acorazado Potemkin

Serguei Eisenstein, dir. Divisa Home Video

Obra capital da historia do cine, esencial na teoría da montaxe como elemento creador. Rodada inicialmente para conmemorar o aniversario da Revolución de 1905 e baseada nun feito real, contén elementos que vinte anos despois serían empregados no neorrealismo italiano. A dramática escena da escalinata de Odessa é unha icona non só da sétima arte senón da arte en xeral do século XX.



Los caballeros templarios

Gary Parker, dir. Track Media

Documental sobre a orde fundada en Xerusalén no ano 1118 como forza de protección dos peregrinos no seu camiño cara Terra Santa. Co paso do tempo converteuse nunha organización de enorme poder, a través de estruturas xerárquicas, financeiras e militares que chegaron a exercer influencia sobre papas, reis e emperadores. Disolta en 1312, créese que continuou a súa actividade de xeito clandestino ao longo dos vindeiros séculos.

Celda 211

Daniel Monzón, dir. Paramount
Juan, funcionario de prisiones, vese metido nunha historia que nunca tería que haber vivido.

El concierto

Radu Mihaileanu, dir. Savor: De A Planeta

Comedia sobre as segundas oportunidades, neste caso a dun grupo de músicos da antiga orquestra do Teatro Bolshoi que se reúnen a iniciativa do seu antigo director, caído en desgraza anos atrás e que malvive como empregado da limpeza do mesmo teatro.



De dioses y hombres

Xavier Beauvois, dir. Cameo Media
Ambientada nun mosteiro cisterciense nas montañas alxerinas durante as revoltas fundamentalistas dos anos 90. Narra cómo un pequeno grupo de monxes ve afectado o seu traballo humanitario na comunidade musulmá na que se asenta.



Defensa (Deliverance)

John Boorman, dir. Warner Home Video
Antes da construción dunha presa que inunde o val do (ficticio) río Cahulawassee, catro homes de negocios deciden facer un descenso en canoa a través das súas augas. Pero o que pretendía ser a aventura das súas vidas, convértese inesperadamente nunha perigosa viaxe.



Discovery Atlas

Track Media

Colección de 10 dvd que percorren cinco continentes e dez países nunha serie de viaxes épicos para coñecer a diversidade natural, xeográfica e socio-cultural no momento actual. Dende potencias emerxentes como Brasil e India ata os vellos países europeos e os contrastes africanos que representan Sudáfrica e Exipto. Serie producida por Discovery Channel.



Enron: los tipos que estafaron a América

Alex Gibney, dir. Manga Films

Historia da Enron Corporation, unha pequena empresa de gas de Texas que medrou ata converterse no sétimo grupo empresarial de maior valor nos Estados Unidos, e que acabou na quebra absoluta, dando lugar a un dos maiores escándalos da historia financeira de Norteamérica.

Hermanos de sangre

Producida por Tom Hanks e Steven Spielberg. HBO

Serie de cine bélico que relata a historia dos integrantes da Compañía Easy. Fusileiros de elite estadounidenses que caeron sobre Francia en paracaídas na madrugada do día D.

Julie y Julia

Nora Ephron, dir. Sony

O libro de cociña francesa da prestixiosa chef Julia Child inspirará á escritora novel Julie Powell para realizar 524 receitas nun ano.

Los limoneros

Eran Riklis, dir. Cameo

Drama co cisma palestino-israelí de fondo. Salma unha viúva palestina, decide enfrontarse ao ministro de Defensa de Israel, a súa casa é veciña do seu campo de limoeiros.

La naranja mecánica

Stanley Kubrick, dir. Warner Home Video

O poder da súa técnica é tan grande que nunca deixará de impresionarnos, conmóvenos e apodérase das nosas emocións. Baseada no libro de Anthony Burgess



Paso decisivo

Herbert Ross, dir. Twentieth Century Fox

Drama sobre o mundo do ballet clásico no que unha estrela do American Ballet Theatre se atopa ao cabo do tempo cunha antiga compañeira, cuxa filla pretende ser bailarina. Este feito desencadeará as lembranzas e enfrontamentos persoais entre as dúas mulleres.

Pequeña miss Sunshine

Jonathan Dayton e Valerie Faris, dir. Century Fox

Os Hoover, unha peculiar familia lévanos polas estradas de Estados Unidos nunha divertida viaxe que ten como finalidade a participación da pequena da familia no concurso de "Pequena Miss Sunshine".



Planeta Tierra

Alastair Fothergill e Mark Infield, dir. Cameo Media

Colección de 5 dvd producida pola BBC e realizada ao longo de cinco anos de traballo a través de dúascentas localizacións en todo o planeta. Unha viaxe a través dos meses, estacións e as diferentes zonas bioclimáticas, con especial acento no cambio climático e as súas consecuencias.

El primer día del resto de tu vida

Remi Bezançon, dir. Avalon Internacional

As vivencias dunha familia burguesa nun lapso temporal de 12 anos. Película sobria e sensible na que se busca a complicidade cos personaxes a través de diferentes cadros dramáticos entrelazados entre o pasado e o presente.

Roma

Michael Apted... (et al.), dir. Warner Home Entertainment

Custosísima e aclamada serie británico-estadounidense sobre as intrigas familiares e loitas de sucesión acaecidas na familia Julia nos derradeiros anos da República Romana e o advenemento do Imperio da man de Augusto. A colección de 11 dvd presenta dúas tempadas completas.

Shutter island

Martin Scorsese, dir. Vértice Cine

As obras do escritor Dennis Lehane ("Mystic River", "Adiós pequena adiós") xa van sendo un clásico nas tramas do recente cine de intriga norteamericano. Neste caso a aposta pola intriga combínase cunha atmosfera gótica nun relato ambientado, nos anos cincuenta, nunha institución para criminais dementes, da que se fuga unha perigosa paciente.





Soul Kitchen

Fatih Akin, dir. Cameo Media
Comedia de enredo na que o ritmo visual e a música soul dos anos setenta ambientan as peripecias do dono dun restaurante grego en Alemania que ten que facer fronte a diversas vicisitudes para salvar o negocio. Unha película arredor do fogar, a familia e os amigos, o lugar máximo de amor e desamor.



Tapas

José Corbacho, dir. Filmax Home Video
Comedia urbana de costumes na que os personaxes dun barrio humilde aman, engánanse e soñan nun ambiente de clarosucros. Premio do xurado e público no Festival de Málaga do ano 2005.



Verdades ocultas

Baltasar Kormákur, dir. Eurocinefilms
Co-producción norteamericano-islandesa na que o ambiente e a paisaxe son un elemento protagonista na intriga relacionada coa morte aparentemente accidental dun estafador que será investigada por un empregado dunha axencia de seguros.

CD AUDIO PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS

6 favourite cantatas

Johann Sebastian Bach ; The Bach Ensemble. Editions de L'Oiseau Lyre
Doble álbum resultante dunha recompilación previa que incluía obras executadas entre 1987 e 1991. Joshua Rifkin adaptounas como cantatas para unha única voz por parte: tenor, baixo, soprano e alto, causando non certa polémica respecto á posible consideración inicial de Bach como obras corais.

Amaia Montero

Amaia Montero. Sony BMG
Primeiro disco en solitario da ex-cantante do grupo La Oreja de Van Gogh con temas eminentemente acústicos dedicados aos seus antigos compañeiros de grupo así como aos seus pais. Número 1 nas listas españolas e galardoado con tres discos de platino e disco de ouro en Arxentina e Venezuela.





Cantos na maré

V.V.A.A. Cartafol Editores

Unha comunidade, unha lingua: a lusofonía abrangue non só manifestacións na literatura, nas artes plásticas ou no teatro. Esta mostra constata unha vontade de recoñecemento dun ámbito cultural no que Galicia debe recoñecerse. Temas de Uxía, Chico César, Filipa Pais e outras bandas e artistas.

Cañailla

Niña Pastori. BMG España

Terceiro álbum da gaditana, producido por Alejandro Sanz e Jose Miguel Carmona de Ketama. Tras a ruptura co seu primeiro produtor Paco Ortega, a cantaora presenta un álbum con colaboracións de Diego del Morao, Moraíto, Vicente Amigo e Antonio Carmona. A peza "Cai" foi composta por Alejandro Sanz.

George and Ira Gershwin Song Book

Ella Fitzgerald con Nelson Riddle.
Polygram

Colección de catro cds que inclúen cincuenta e nove obras da dupla compositiva que contribuíu con maior cantidade de “standards” á música norteamericana. A simbiose entre Ella e o director e arreglista Nelson Riddle da como resultado un exercicio total de musicalidade e variedade, no que practicamente se pode atopar sen esforzo a canción favorita de cada afeccionado/a.



A hundred million suns

Snow Patrol. Polydor

Dentro do coñecido como “rock de estadio” representativo de bandas como Muse, Coldplay ou The Killers, Snow Patrol amosan a cara aparentemente menos pretenciosa inda que non escatiman na creación de himnos e odas épicas de longa duración. A continuidade é a baza deste disco, producido tras os exitosos Final Straw e Eyes Open.

Incanto

Andrea Bocelli. Sugar SRL


A voz de Andrea Bocelli interpretando as máis famosas cancións italianas.



Kingdom of Rust

Doves. EMI Music

O máis recente álbum do trío mancomunado supón un reencontro cos sons que auparon á banda á revelación do pop británico a comezos da pasada década. O selo sonoro da banda permanece intacto: tons melancólicos e forza épica executados con mestría a través de múltiples capas de son.



Little earthquakes

Tori Amos. Warner Music

Debut e disco confesional que amosa cunha exquisitez envexable a personalidade da artista estadounidense, explorando emocións extremas: carraxe, medo, tristura. A independencia de Tori Amos fixo dela unha artista reverenciada pola xuventude menos acomodada da década dos 90 e amosou que un instrumento tan clásico como o piano pode ser un arma furibunda para salientar emocións.



Concello de Oleiros

ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA

www.oleiros.org



SISTEMA DE BIBLIOTECAS
PÚBLICAS MUNICIPAIS
DO CONCELLO DE OLEIROS

Catálogo das bibliotecas:
<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>